


Colectión

CONTOS DE SEMPRE

(Tradición oral)

A Faba



Asociación cultural AIRA DAS MANTAS

MACEDA DE LIMIA

OURENSE

A



Recollido por
LUIS DEL CAMPO PROL
e
ilustrado por
ANTONIO CARRERA RAMOS



ai moitísimo tempo, nos anos da fame, polos pobos da Serra do San Mamede andaba un home a pedir esmola e pousada.

Cada día el ía dun lado para outro buscando onde se acobillar e, aínda que non houbera fartura, o puideran acoller e darlle só que fose un anaco de pan.

Era un home grande e enxoito de carnes, pastrán e moi langrán.

Un deses días, aí pola noitiña, achegándose a unha porta bateu nela. De alí a un chisco abriulle unha señora e moito lle insistiu en que lle dera alomenos unha codia de pan ou calquera outra cousa que levar á boca, pero ésta nada lle deu. O único que sacou en limpo foi que lle deixara pasar a noite na paleira en compañía dos animais que alí durmían.

Unha vez apareceron as primeiras raiolas de sol, aproveitou para se despreguizar, ollou a un lado e a outro a modo de recoñecemento da estancia e dispúxose para marchar: Nisto, achegóuselle a filla da dona e deulle unha faba.

Polo camiño de cando en vez, a modo de acougo, parábase e sacando a faba do peto ollábaa unha e outra vez.

Eran uns intres nos que o vello, ausentándose da realidade, se mergullaba nun mundo de



fantasía e nel imaxinaba a súa faba, xunto con outras, frotando nunha pota da que escapaba un arrecendo que alimentaba.

Ao día seguinte, chegada a noite e como tiña por costume, pediu pousada noutra casa e alí tamén lle permitíron quedarse.

Deitouse a carón do lume, na cociña, e pousou a faba enriba da mesa.

Xa pola mañá, ao se erguer, a faba non estaba e foi entón cando se puxo a laiar e a berrar como posuído polo diaño!

Nisto, a dona da casa veu a correr e preguntoulle:

- Pero que lle pasa, home?

E el moi disgustado e saloucando como unha Madalena, díxolle:

- Que deixei a faba por riba da mesa e agora non está.

A dona, con pena polo desacougo deste, dille:


- Síntoo moito señor, pero a faba comeuna o galo!

- Pois eu queeeeero a faaaaaba ou o gaaaaalo!, dixo moi alporizado entre salucos.

Así que para non seguir escoitándo a dona decidiuse por darlle o galo.

Ao día seguinte, co galo ás costas, chegou a outro pobo e como de costume foi pedir pousada noutra casa. Alí, díxeronlle que podía durmir na cociña e o galo no galiñeiro.

Cando espertou foi coller o galo ao ga-



liñeiro, mais o galo non estaba!

Entón esperou a que a dona se erguera para lle preguntar por el. Esta respoustulle:


- *Téñolle que dicir que se ceibou o porco de noite e nunha arroutada comeu o galo.*

- *E agora que vou facer eu sen a única cousa que teño neste mundo! Meu galiiiiño! Ai meu galiiiiño da iaaaaalma!*

- *POIS EU QUERO, O GALO OU O PORCO, SE NON VOU Á XUSTIZA!, sacando o mal xenio*

Moita mágoa tivo a labrega por lle dar o porco, pero preferiu isto que non que o home fora á xustiza a denunciála.

Feliz e contento estaba o esmoleiro co porco cando dirixíndose cara a outro pobo colleuno a noite e foi petar a unha porta para



pedir pousada. E así foi, déronlle pousada a el e mais ao porco. Era ésta unha casa máis pudente polo que o puxeran nun cuarto e ao porco no curral das vacas.

Ledo estaba o noso esmoleiro! Tiña un porco e un bo colchón onde pasar a noite.


Pola mañá, cando foi á corte a buscar o porco atopouno morto. A vaca soltárase de noite e dun couce matara ao porco.

O home montou en cólera e os seus be-rros eran tales que acudiron o dono e mais a súa dona e vendo o porco morto dixéronlle:

- *Perda coidado meu home que llo paga-remos! Pero o esmoleiro non quería.*

El só repetía unha e outra vez:

- **QUERO A VACA OU VOU Á XUS-**



TIIIIIZA!

E pasado un tempo o esmoleiro, conseguiu o que quería e botou a andar coa vaca.

Ía que non cabía en si, considerábase un home importante ao ter unha vaca

Ese día achegouse á casa dun tratante para pedir pousada e así foi.

O tratante recoñeceu a vaca e mandou vir aos donos para que lle contaran como era que a súa vaca acabara en mans do esmoleiro.

Entón, o tratante tentou ao esmoleiro cunha oferta :

- *Dareille unha bolsa de moedas e un coello.*

E aceptada a oferta pecharon o acordo

O esmoleiro, máis contento que unhas pascuas, durmiu a perna solta e antes de que cantara o galo ergueuse e collendo a bolsa das moedas e máis o coello, que quedara medido nun saco de esparto, púxose en camiño antes de que a sorte se lle torcera.

E mentras camiñaba ía cantando:

DUNHA FABA FIXEN UN GALO,
DUN GALO FIXEN UN PORCO,
DUN PORCO FIXEN UNHA VACA,
DUNHA VACA UNHA SACA DE MOEDAS
E UN COELLO

Así ía el, todo ledo, pero mirade por onde que lle déu un acordo, entón deteuse e dispúxose para contar as moedas:

Abriu a saca e ao botalas na man a súa sorpresa foi maiúscula ao se decatarse de que ésta só contiña pequenos anacos de lousas o que fixo que o home estalara botando pestes contra o tratante e de alí a un chisco, conseguido un certo acougo, a pesar da súa coita, dixo para si:

- "*Polo menos quédame o coello, menos é nada!*".

Mais cando se dispuxo a abrir o saco,



saiu un gato tan enrabeado -como se lle plantaran lume no cu- que lle arrincou a orella dun bocado.

E COLORÍN COLORADO ESTE
CONTO TEN REMATADO!

NOTA



LETRAS

GALEGAS

maio 2013

Outros títulos editados da Colección:

“A CEGOÑA E A RAPOSA” (2009)

“O CAN E A RAPOSA” (2010)

“O GALO DA DERENA” (2011)

“GRAN DE MILLO” (2012)

Ao longo dos anos se foron transmitindo estes contos ao tempo que localizando nos lugares onde se contaban e, con pequenas variantes, se atopan espallados por terras galegas e portuguesas.

Estes contos son unha parte da nosa tradición oral, herdanza dos nosos devanceiros, e para que non se perdan, na Asociación Cultural Aira das Mantas, queremos dalos a coñecer aos nosos nenos e nenas para que uns e mais outras, nun futuro, se convertan en transmisores daqueles.

